



Influencia dunhas patas sas no benestar animal

Nesta nova entrega definimos polo miúdo en que consiste a saúde podal das nosas vacas, analizamos as consecuencias dos problemas nas súas patas e ofrecemos algunhas recomendacións para manter en condicións óptimas as nosas instalacións, un factor fundamental para a saúde podal e, polo tanto, para o benestar animal.



Juan José Sánchez López
Técnico podólogo Seragro SCG

Podemos definir como saúde podal o estado de benestar ou de equilibrio que pode ser visto a nivel subxectivo (asúmese como aceptable o estado xeral no que se atopa) ou a nivel obxectivo (constátase a ausencia de enfermidades ou de factores daniños no suxeito en cuestión, en relación ao seu estado de locomoción).

A saúde podal ten unha importancia fundamental para o benestar animal. Calquera proceso patolóxico impide un comportamento normal, o que, á súa vez, reduce a produtividade e repercute negativamente no aspecto reprodutivo.

Considérase a terceira razón máis importante de sacrificio de animais nas granxas leiteiras españolas, tras os problemas de fertilidade e as mastites. Cando unha vaca contrae unha coxeira, o primeiro que se aprecia é un descenso de produción láctea. A vaca come menos, perde condición corporal, está dolorida e, a longo prazo, pode causar infertilidade.

A vaca que sofre coxeiras dura menos no rabaño e sacrificarase antes por baixa produción, infertilidade ou mastite como consecuencia da coxeira.

FACTORES PREDISPOÑENTES A PROBLEMAS PODAIS

Os factores predispoñentes aos problemas podais inclúen:

- Manexo e benestar
- Instalacións
- Xenética
- Hixiene
- Alimentación

Moitas das coxeiras que se presentan nos rabaños prodúcense a consecuencia

dun mal manexo dos animais. Por iso é moi importante coñecer e observar o comportamento das vacas, non apuralas nos seus desprazamentos, sempre conducilas ao seu propio ritmo e non utilizar varas nin berros para evitar provocarles demasiado estrés.

Debemos ter en conta que o benestar actúa como escaparate da imaxe da explotación e é un dos elementos sobre os que o consumidor recibe máis información, debido ao efecto mediático que ten todo o relacionado con el. Non esquezamos tampouco que o benestar é primordial para unha adecuada sanidade animal. Nunha sociedade onde a seguridade dos alimentos que consumimos debe estar fóra de toda dúbida e discusión debemos partir de animais sans para obter alimentos sans e seguros.

En España, o sistema de gandería máis utilizado é o sistema intensivo; isto quere dicir que os animais están sempre estabulados salvo nalgunha excepción, que se fan lotes en finca para xovencas e vacas en período de secado.

► CONSIDÉRESE A TERCEIRA RAZÓN MÁIS IMPORTANTE DE SACRIFICIO DE ANIMAIS NAS GRANXAS LEITEIRAS ESPAÑOLAS, TRAS OS PROBLEMAS DE FERTILIDADE E AS MASTITES



A calidade do alimento na ración e o manexo deste serán claves para a prevención da acidose e, por tanto, das coxeiras metabólicas

CONDICIÓN PARA UNHA INSTALACIÓN ADECUADA

Para que a saúde podal sexa óptima é moi importante que as instalacións sexan adecuadas:

- Patios anchos e chans pouco abrasivos
- Cubículos suficientes para todos os individuos, ben dimensionados e sempre cheos de material, e que este sexa brando e seco.

En condicións naturais, o gando vacún é un animal gregario que busca alimentos, auga, seguridade e lugares de descanso cómodos. O deseño do cubículo é de vital importancia para o benestar e o comportamento dos animais. Nun ambiente confortable, as vacas descansan de 12 a 17 horas e levántanse de 9 a 14 veces ao día. O descanso pode cualificarse de tal consideración que pode ser comparado con comer e beber. O deseño do cubículo debe atender ás demandas dos animais: ben dimensionados, coas medidas adecuadas que permitan deitarse e erguerse con total comodidade e provistos dun material adecuado que proporcione o confort máis óptimo para que a súa estancia nel sexa máis prolongada. Deste xeito, ao mesmo tempo que o seu descanso está asegurado, evitamos que as súas patas estean en contacto coa sucidade das súas feces, coa dureza dos patios de cemento e co seu propio peso durante o maior tempo posible.

Bebedoiros limpos e sempre cheos

Nun establo, as vacas deben dispoñer do mellor acceso posible á auga. Unha colocación incorrecta dos be-

bedoiros pode ter un impacto negativo sobre a produción. En vacas de produción de leite necesitan dende 3 ata 5 litros de auga por kg de materia seca ingerida; beben entre 2 e 3 litros de auga por cada litro de leite que producen.

Unha vaca leiteira pode beber ata 135 litros de auga por día en 6 ou 7 visita ao bebedeiro a miúdo despois do seu paso polo comedero ou despois do muxido; de aí a importancia de colocar os puntos de subministración de auga preto dos puntos de alimentación e na saída da sala de muxido, sempre provistos de auga abundante, limpa, fresca e de nivel constante para facilitar unha inxestión máis rápida e evitar competencias entre os individuos.

Ventilación

Do mesmo xeito que as anteriores, é unha parte que se debe ter en consideración, posto que, se conseguimos un bo estado desta, conseguiremos tamén dar máis iluminación natural e reduciremos os niveis de humidade tanto en patios coma en cubículos, minimizando así enfermidades de tipo ambiental e infeccións, como poden ser a mastite ou a laminite.

En épocas de moita calor, a ventilación artificial é de vital importancia no estado dos animais, xa que reduce o estrés por calor e, por tanto, repercute directamente na produción leiteira. Os animais poden tomarse e descansar nos cubículos sen ter que estar a buscar as zonas máis frescas do establo.

Pediluvio

Unha das medidas que se deben adoptar para controlar patoloxías de orixe infecciosa é o uso de pediluvios e ter unha boa rutina.

Estes deben contar cun bo deseño situado nunha zona de paso longo e estreito; deste xeito evítase que algunhas das patas poidan pisar fóra do recipiente. Deberá estar ben cubicado para realizar unha concentración óptima e así conseguir os resultados desexados.





As vacas deben dispoñer do mellor acceso posible á auga, pois unha colocación incorrecta dos bebedoiros pode ter un impacto negativo na produción

Xenética

A maioría dos factores de riscos relacionados coa concorrencia de lesións podais ten a súa orixe no manexo e nas instalacións; con todo, a selección xenética proporciona unha ferramenta para axudar a mellorar a saúde podal na granxa. Está demostrado que hai unha variabilidade xenética a pesar da baixa herdabilidade dos trastornos podais e, polo tanto, hai animais xeneticamente máis resistentes ca outros fronte a lesións ou patoloxías que afectan aos pezuños.

Na actualidade, a mellora da saúde podal en España está a abordarse mediante un índice que inclúe só trazos de membros e apromos, pero a información recompilada dentro do programa de Conafe I-SAP permite a actualización a un novo índice de saúde podal.

Os resultados da avaliación de caracteres de saúde podal son bastante contundentes. A saúde podal e a susceptibilidade para contraer lesións podais teñen un compoñente xenético que hai que ter en conta na selección dos animais da seguinte xeración. Igual ca noutros trazos funcionais, por exemplo a resistencia a mastite ou a fertilidade, a saúde podal demostrou ter unha herdabilidade baixa, pero, ao tempo, hai unha gran variación individual entre touros. Por esa razón pódese estimar dunha maneira fiable a capacidade dun determinado touro de transmitir unha boa saúde podal, sempre que se avalíe cunha suficiente cantidade de fillas en diferentes rabaños.

Alimentación

É un dos aspectos máis importantes a ter en conta nas explotacións. A calidade do alimento na ración e

no seu manexo serán claves para a prevención da acidose e, por tanto, das coxeiras metabólicas. Cada explotación fai o seu racionamento xunto co nutricionista en relación ás súas necesidades e ás súas provisións. O nutricionista é o encargado de velar por que exista unha boa inxestión de alimento e que este sexa de boa calidade para o óptimo funcionamento da produción e da saúde dos animais.

Unha abundante interacción entre nutricionista e podólogo é fundamental para transmitir información sobre os diferentes estados da situación podal para poder avaliar así unha ración adecuada ás necesidades das vacas en relación ao seu estado de locomoción.


Técnicas de recorte

Puntuaxe de locomoción

Baséase na observación das vacas erguidas e camiñando, con especial énfase na postura das súas costas.

Recorte funcional

O recorte do pezuño, tanto preventivo como curativo, denomínase recorte funcional. O **recorte preventivo** é o que deberíamos facerlles periodicamente ás vacas, segundo a súa necesidade, normalmente a todo o rabaño cada cinco ou seis meses, ou ben no momento do secado, de maneira que cheguen ao parto cos pezuños en boas condicións.



▶ O BENESTAR ACTÚA COMO ESCAPARATE DA IMAXE DA EXPLOTACIÓN E É UN DOS ELEMENTOS SOBRE OS QUE O CONSUMIDOR RECIBE MÁIS INFORMACIÓN



Nos membros posteriores, recórtase o pezuño externo (lateral) de igual longo que o interno (medial), considerando que a superficie de apoio de ambos sexa plana e da altura do pezuño interno na medida do posible.

Fanse os ocros axiais desde os 2/3 cara atrás. Estes ocros realízanse co obxectivo de expulsar a sucidade e facilitar a circulación de aire na zona interdixital e tamén para diminuír a presión na proxección da tuberosidade flexora da terceira falanxe.

O **recorte curativo** é o que debemos aplicarlles ás vacas cando amosan signos de coxeira e atopámonos fronte ao achado dunha lesión.

Se un dos pezuños está danado (a miúdo o externo en membros posteriores) é necesario rebaixar esta zona afectada cara ao extremo máis próximo para transferir a carga de peso cara ao pezuño san. Se esta rebaixa é posible ou non consegue afastar suficientemente a lesión do chan, será necesario aplicar un taco ortopédico no pezuño san coa finalidade de aliviar presión sobre a zona da lesión. ■